

# PASEO FLUVIAL DO RÍO MORTO

Nunha superficie total de case 9.000 metros cadrados, e un orzamento de 1,2 millóns de euros, o Paseo Fluvial do Río Morto é unha das actuacións mais destacadas do Goberno municipal. Trátase dunha vía de 16 metros de ancho con percorrido de 450 metros de paseo que ven de cumprir un dobre obxectivo: establecer de xeito ben diferenciado as zonas de tránsito peonil e rodado, así como a recuperación das marxes do río, dándolle máis amplitude ás zonas peonís que discorren a carón do mesmo. Así mesmo, a urbanización busca dignificar o camiño, humanizándoo mediante a plantación de árbores en alcorques, a instalación de farois de báculo e bancos, e diverso mobiliario urbano.

Esta nova área de desfrute dos veciños conta 97 prazas de aparcamento, ademais de catro pasarelas de madeira e dúas pontes de paso de vehículos a fincas.

